



World Citizen: Salvador de Madariaga e as redes pioneiras do mundialismo

Description

Malia esta brÃ©tema das lembranzas, JosÃ© RamÃ³n RodrÃ­guez Lago, profesor da Universidade de Vigo, ten reconstruÃ­do polo miÃ±do este compromiso â€œmisioneiroâ€• er*World Citizen. Salvador de Madariaga y las redes pioneras del mundialismo (1927-1950)* (SÃ¡lex, 2022). Baseado nunha intensa documentaciÃ³n en arquivos e bibliotecas en Cidade do Vaticano, Cambridge, Nova York, Florencia, Boston, Maryland, Chicago, ParÃ­s e Xenebra, o cÃ³digo fonte desta investigaciÃ³n naceu no Fondo Salvador de Madariaga conservado no Instituto JosÃ© Cornide de Estudos CoruÃ±eses. Por un azar da existencia ou un accidente da saudade, Madariaga doou o seu arquivo persoal Ã¡ sÃ³a cidade natal da CoruÃ±a, convertÃ©ndose o seu arquivo nun lugar de peregrinaciÃ³n para as persoas investigadoras que tecen a biografÃ­a do intenso compromiso humanista liberal, pacifista, mundialista e europeÃ­sta deste persoeiro que apenas viviu catro anos de meniÃ±o ao abeiro da Torre de HÃ©rcules.

Hogano, a â€œutopÃ­a secular internacionalistaâ€• do mundialismo acÃllese dentro das propostas de democracia cosmopolita, as demandas de xustiza global e as prÃ¡cticas educativas de cidadanÃ­a global. Mais na sÃ³a orixe as propostas mundialistas nacÃ­an dunha experiencia de frustraciÃ³n e desencanto ante as resistencias Ã¡ cooperaciÃ³n internacional e ao pacifismo promovido pola Sociedade de NaciÃ³ns, os nacionalismos insolidarios, o ascenso dos totalitarismo e as ansiedades proteccionistas derivadas do Crack de 1929. Con todo, na nosa actual circunstancia existen puntos de converxencia coa utopÃ­a mundialista na convicciÃ³n da necesidade de promover unha conciencia de cidadanÃ­a global que conclÃ³a nun futuro goberno global ou, ao menos, nunha gobernanza global que reforce as esferas de cooperaciÃ³n ante a emerxencia de novos riscos existenciais para a Humanidade e o Planeta.

A experiencia mundialista de Madariaga narrada por RodrÃ­guez Lago deita toda unha serie de aprendizaxes e boas prÃ¡cticas que poden servir de inspiraciÃ³n Ã¡s persoas que se sitÃ³an en posiciÃ³n de herdeiras do mundialismo. En primeiro lugar, todo movemento social con cobiza de impacto global debe xerar unha ampla base social de apoio para non ficar reducida a unha elite de principios humanitarios e visiÃ³n cosmopolita. En segundo lugar, a transformaciÃ³n mundialista precisa de instituciÃ³ns ben financiadas que constitÃ³an unha rede quen de xerar influencia e establecer alianzas activas en todos os niveis de gobernanza e todas as rexÃ³ns, como o Sur global. En terceiro lugar, toda causa social depende do compromiso rexo de determinadas persoas que actÃ³an como motores e impulsoras das redes, alianzas e instituciÃ³ns. Na experiencia vital de Madariaga, a sÃ³a esposa Constance Helen Archibald, a pacifista norteamericana Ruth Cranston, o britÃ¡nico e activista contra a discriminaciÃ³n racial Henry Salomon Leon Polak e o estadounidense bahaÃ­sta Mountfort Mills acompaÃ±Ã¡rono con lealdade e configuraron unha caste de apostolado misioneiro do evanxeo mundialista. En cuarto lugar, a sensibilidade mundialista e a vocaciÃ³n de integraciÃ³n global debe consensuar unha caste de declaraciÃ³n de principios transversal, inclusiva e integradora que desbote a tentaciÃ³n de narrar unha historia local que se promulgue como deseÃ±o global. As tres versiÃ³ns do decÃ¡logo propostas por

Madariaga (páxs. 261, 284, 318) revelan a súa forza inspiradora para os idealistas do mundialismo e os globalizadores dos dereitos de cidadanía.

Madariaga viviu de forma intensa tempos convulsos para a Humanidade nos que as tebras foron vencidas pola capacidade do ser humano para resistir, realizarse no fracaso e imaxinar alternativas de futuro. En plena II Guerra Mundial emerxeron propostas que teñen acelerado a progresiva convivencia pacífica da Humanidade, a súa conciencia de interdependencia e o seu compromiso -lento e desesperante- coas liberdades e un benestar global xusto e inclusivo para todas as persoas. Arestora, coas transformacións aceleradas da nosa experiencia humana neste mundo interdependente, recuperar a biografía mundialista de Salvador de Madariaga grazas a este libro de Jos© Ramón Rodríguez Lago - xenuño investigador *world citizen*- alimenta a esperanza para os soñadores, os idealistas e os patriotas da Humanidade First!

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Foreign action of Galicia

ETIQUETAS

madariaga paradiplomacia europeísmo galicia

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacy International Cooperation and Agenda 2030

Date Created

May 22, 2023

Meta Fields

Autoria : 101539